

## TRABALLO MÚSICA

Ola, rapazada!

Antes de comezar coa tarefa desta semana, imos responder ás dúas cuestión que vos mandei investigar.

1º O autor da letra do himno galego é: Eduardo Pondal.

O compositor da melodía foi: Pascual Veiga.


2º Historia do himno: o texto do himno xurdíu da correspondencia que mantiveron Eduardo Pondal e Pascual Veiga en 1890, no que o compositor solicitáballe ao escritor un texto para unha partitura que ía presentar con motivo dun certame no que se ía elixir ao mellor himno galego.

Bueno que doadas eran as respostas, verdade??.

1º Esta semana, imos seguir co repaso do himno, tanto coa frauta como coa voz, de tal xeito que a letra xa terá que estar aprendida e a peza coa frauta case, case tamén.

2º Exercicios de figuración e equivalencias.

A continuación, lembramos as equivalencias entre as figuras, onde non debes esquecer que a relación é o dobre ou a metade, dependendo se a figura ten máis duración ou menos. Unha vez que o repases, contesta ás cuestións que aparecen máis abaixo.



\*Antes de responder, lembra que os silencios aínda que non producen son, si teñen duración no tempo, polo que duran igual que a figura que representan.

Se non te lembrás moi ben ou tes dificultade coa árbore das figuras, podes volver a consultar estes breves vídeos que xa vimos nunha tarefa anterior:

<https://www.youtube.com/watch?v=aWAEaBDSjOs>

<https://www.youtube.com/watch?v=Vx9YihLfr2Q>

Unha redonda equivale a.....negras.

Unha branca equivale a.....semicorcheas.

Dúas corcheas equivalen a.....negra.

Cuatro corcheas equivalen a.....branca ou.....negras.

Dúas semicorcheas equivalen a.....corchea.

Un silencio de negra equivale a .....silencios de corchea.

Dous silencios de corchea equivalen a.....silencio de negra.

Catro silencio se semicorchea equivalen a.....silencios de corchea.

## **RELAXACIÓN**

E xa para rematar,precisamos relaxarnos e osixenar o corpo.Por iso, practicamos as asanas ou posturas de ioga que tamén traballamos noutra tarefa. Esta vez imos engadir os animais mariños.

<https://www.youtube.com/watch?v=Dwt0qeBj85I>

<https://www.youtube.com/watch?v=LOYxOzMUGAY>

\*Seguide repasando tamén “Ao pasar por Camariñas”, tanto a melodía como a instrumentación.

Lembrade saír só o necesario da casa,desinfectar a fruta con auga e xabón, traballade pero tamén ríde, debuxade, e por suposto, cantade, bailade, tocade,...

Xa sabedes que para calquera dúbida, para mandarme vídeos coas cousiñas coas que estamos a traballar, ou o que precisades sobre a materia, non dubidedes en escribirme ao correo.

Un biquiño moi forte.

Silvia.